

Helena Villar pasa formar parte da nómina de escritores ilustres de Rianxo

Recibiu a Letra E nun acto no que estivo arroupada por algunhas das caras máis coñecidas da cultura galega

[P. Calveiro](#)Rianxo / La Voz, 25 de junio de 2016. Actualizado a las 16:29 h.



MARCOS CREO

Helena Villar Janeiro recibiu esta mañá unha caloroso tributo en Rianxo, vila onde decidiu afincarse para vivir os solpores da ría de Arousa. A escritora estivo arroupada na entrega da Letra E que concede a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) por familia, amigos e autoridades, así como por algunhas das caras máis coñecidas da cultura galega, entre os que estaban o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, o académico e Xesús Rábade e o escritor e editor Víctor F. Freixanes.

O acto comezou no peirao de Sete Fogas, que a partir de hoxe levará o nome de Helena Villar Janeiro, gravado nun monolito conmemorativo, a uns metros do cal plantou coa axuda do rexedor e algúns outros asistentes un loureiro. Visiblemente emocionada, escoitou a canción que interpretou a Banda da Escola de Música de Rianxo, un tema inédito composto expresamente para a ocasión polo rianxeiro Antón Alcalde. A Homenaxe á Escritora na súa Terra trasladouse logo ao Cuartel vello, onde o presidente da AELG e mais Marica Campo dedicaron unha oda aos méritos literarios e a prol da dinamización cultural da prolífica autora nada en Becerreá e rianxeira de pro. Villar Janeiro prometeu, tras recibir o título de escritora, «utilizalo mentres teña capacidade para profundar na labor de transformar palabras, de lles ampliar o sentido e facer delas un saco que transporte mundos ficcionados. Tamén prometo seguir no empeño de transmitir as palabras que por privilexio herdei das velliñas e velliños que morreron con elas nos beizos procurándolles nos escritos unha vida máis longa do que foi a miña». A escritora quixo compartir o premio coa persoa que está

«nas miñas orixes como escritora», o seu marido Xesús Rábade, ao igual que aos galegofalantes dunha sociedade hostil que inspiraron e serviron de modelo para a súa creación para a infancia.